



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Comisión Permanente de Saúde Laboral

Na reunión da Comisión Permanente de Saúde Laboral de onte tratamos varios asuntos dos que se destacan os seguintes:

-Incidencias da Gripe A:

Infórmanos a Administración que a instancias da Subsecretaría do Ministerio de Economía e Facenda, suspéndense as comunicacións de incidencias da Gripe A, debido a que a súa incidencia "afortunadamente" foi moi baixa.

-Aplicación do Real Decreto de Adaptación da Lexislación de Prevención de Riscos Laborais na AGE:

Informóusenos que o Real Decreto 67/2010, de adaptación da lexislación de prevención de Riscos Laborais, debe completarse cunha resolución que está pendente, nestes momentos, de aprobar na Mesa Xeral de Función Pública.

-Contacto co Servizo de prevención.

Habilitouse na Intranet, na oficina virtual do empregado, un buzón para contactar co servizo de prevención ([prevencion.riesgos@correo.aeat.es](mailto:prevencion.riesgos@correo.aeat.es)). A idea é habilitar tamén un icono para ter acceso a toda a normativa sobre saúde laboral e os seus procedimentos. A idea é moi boa, pero a ver canto tempo pasa ata que esté operativa...

-Convenio INSS-Muface:

O pasado día 9/02/2010 publicouse no BOE o convenio entre o Instituto Nacional da Seguridade Social e MUFACE para un maior control das baixas por enfermidade, sobre todo coas de longa duración. Tamén, a partir de agora pode ser o propio mutualista o que lle pida a MUFACE outra valoración da súa enfermidade polo INSS, no caso de que non este de acordo coa valoración que lle faga MUFACE, ou cando que se lle denegue a baixa pola unidade de RRHH. No obstante aínda que é un tema que se escapa ao ámbito da Axencia, instamos a que sexa a propia Axencia Tributaria a que faga o seu propio protocolo ou procedemento, para que o coñezan todos os seus traballadores

-Outros temas:

Tras as múltiples peticións efectuadas pola CIG a AEAT abrirá, no mes de marzo, unha Mesa de Saúde Laboral para o colectivo de Vixilancia Aduaneira.

En canto as pólizas de seguro da AEAT para o persoal, infórmasenos que vencerán o vindeiro 31 de marzo. Instamos á Admón que as revise e que as complete xa que hai certas contingencias que non están contempladas nesas pólizas.

### SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

[cigaeat@gmail.com](mailto:cigaeat@gmail.com)

**WWW.CIGAEAT.COM**